

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001658	CEIP Plurilingüe Julio Gurriarán Canalejas	O Barco de Valdeorras	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesiões semanais	Sesiões anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	5º Pri.	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	9
3.1. Relación de unidades didácticas	10
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

Esta programación correspóndese co curso de 5º de Primaria, área de Lingua estranxeira Inglés, para o curso 2023-2024 do CEIP Julio Gurriarán Canalejas.

Este centro está situado nun entorno semi-urbán na provincia de Ourense, sendo un dos soportes económicos locais a extracción e exportación de lousa das canteiras locais.

Tamén se destaca nesta vila unha porcentaxe importante de habitantes de orixe estranxeira, en especial de orixe árabe, que veñen sen a lingua adquirida.

O centro público de Educación Infantil e Primaria “Julio Gurriarán Canalejas”, atópase situado no Barco de Valdeorras (Ourense).

Con relación a súa situación xeográfica, sinalar que ten unha extensión de 84 km, limitando o norte coa Serra da Encina de Lastra, o leste con terras de Rubiá e de Carballeda, o oeste con Vilamartín e o sur coa Serra do Eixe, que se eleva ata os montes de Trevinca. Está situado a orilla do río Sil, na comarca de Valdeorras. O municipio pertence a provincia de Ourense a unha distancia

de 114 kms. O noroeste da capital principal e posúe un clima oceánico-mediterráneo.

Con relación a poboación, sinalar que o Barco é un dos poucos lugares da xeografía galega onde o índice da poboación aumenta, debido fundamentalmente ós movementos migratorios de subamericanos, portugueses, pakistanís, árabes e rumanos, na última década, atraídos polas expectativas laborais. Estes factores son importantes á hora de tratar temas como a tolerancia, a non discriminación, a convivencia entre as diferentes culturas, a interculturalidade.

Posúe unha economía variada e activa cunha importante produción de pizarra, contando tamén cun reconvertido sector vitícola, e tamén ten a súa importancia o sector servizos. A nivel económico compre destacar o baixo índice de paro que contribúe o nivel socio-económico medio.

Con relación ás infraestructuras sinalar a nivel xeral que O Barco conta con: estación de ferrocarril e de autobuses, con tres centros públicos de Educación Infantil e de Primaria, ademáis dun centro concertado, todos eles adscritos os dous I.E.S; tres garderías (unha delas

é pública). Dispón dun centro de Educación de Adultos, o Conservatorio e o centro de formación e Recursos (CFR).

Con relación á asistencia sanitaria dispón dos servizos do Hospital Comarcal de Valdeorras e centro de Saúde. O concello dispón ademáis dun Departamento de Servizos Sociais. Por ser ademáis cabeza de comarca conta con outros servizos como Xulgados, Facenda, Matadoiro, Protección Civil, Cruz Vermella, etc. Con relación os servizos deportivos e de ocio sinalar a existencia dous campos de fútbol, dous pavillóns de deportes, pistas de atletismo, baloncesto, futbito, tenis, patinaxe e piscinas municipais, unha delas cuberta. Para o tempo de ocio existe unha oferta diversa como a Semana do cine, a Mostra de Teatro, Escolas Municipais Deportivas, club de Piragüismo e de Montañismo e a Escola de Gaitas. Posúe unha economía variada e activa cunha importante produción de lousa, contando tamén cun reconvertido sector vitícola; e tamén ten a súa importancia o sector servizos. A nivel económico compre destacar o baixo índice de paro que contribúe o nivel socio-económico medio aínda que aumentou neste tempo de crisis.

## CARACTERÍSTICAS DO CENTRO EDUCATIVO.

Respecto ao Centro, sinalar que conta cunha parte edificada de 900 m, un patio de 3500 m cunha pista cuberta e comedor.

A adscrición dos mestres é a seguinte: Oito mestras de educación infantil; trece mestres/as de educación primaria; dous de educación física; dúas de inglés; unha de educación musical; unha orientadora; unha mestra de pedagogía terapéutica; unha mestra de audición e linguaxe; unha mestra de apoio ao alumnado estranxeiro e unha mestra de relixión.

Neste Centro están constituídos os seguintes equipos: Equipo de educación infantil, Equipo de primeiro ciclo de educación primaria, Equipo de segundo ciclo de educación primaria, Equipo de terceiro ciclo de educación primaria, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, Equipo de convivencia, Equipo das TIC'S, Equipo de biblioteca, Proxecto Abalar E-DIXGAL, Proxecto Lector, Comisión de Coordinación Pedagóxica e Departamento de Orientación.

Con respecto os recursos persoais do Centro son os seguintes: Sete mestras de educación infantil,

doce mestres/as de educación primaria; dous mestre/as de educación física; tres mestras de inglés; unha mestra de educación musical; unha orientadora; unha especialista en pedagogía terapéutica, unha mestra de apoio ao alumnado estranxeiro; dúas mestras de audición e linguaxe; unha mestra de Relixión; un conserxe e persoal de limpeza.

Respecto a organización de todo o profesorado, dicir, que están constituídos os seguintes equipos: Equipo de educación infantil, Equipo de 1º e 2º cursos de educación primaria, Equipo de 3º e 4º cursos de educación primaria, Equipo de 5º e 6º cursos de educación primaria, Equipo de convivencia, Equipo de Normalización Lingüística, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, Plan de mellora de bibliotecas, Proxecto lector, Proxecto Abalar, E-dixgal, PEC, Plan de convivencia, Comisión de Coordinación Pedagóxica e Departamento de Orientación.

O CEIP Julio Gurriarán é un Centro Plurilíngüe dende o curso 17-18. Nel impártese a materia de Educación Artística (Arts and Crafts) en lingua inglesa e psicomotricidade en Educación Infantil. Tamén se imparten no centro seccións bilingües

de Ciencias da Natureza (Natural Science) en 2º de primaria.

O noso CEIP é o centro preferente de alumnado inmigrante na nosa localidade, polo que acolle a moit@s rapaces e rapazas procedentes doutros países. Moit@s dest@s alumn@s teñen dificultades coas linguas oficiais (galego, castelán) así como co inglés, xa sexa por descoñecelas totalmente ou por estar en período de aprendizaxe das mesmas.

O perfil socioeconómico das familias é mixto, pois ten unha maioría que se podería clasificar como clase media (profesionais da sanidade, do ensino) outro grupo de clase media baixa (traballadores das canteiras de pizarra) e outros pertencentes a grupos desfavorecidos economicamente (inmigrantes en programas de acollida, sin un traballo e dependentes das axudas da cruz Vermella) e tamén moitas familias con a lo menos un dos proxenitores xubilado antes da idade que lle correspondería, por motivos de saúde, hai un gran número de enfermos de silicose por causa do traballo nas canteiras de lousa.



## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Why do people do adventure sports?	Present simple, continuous.	17	17	X		
2	Why are some wild animals endangered?	Comparatives	17	17	X		
3	Why are trees important?	There was/were, countable/uncountable.	17	17		X	
4	Why do people love watching films?	Past simple regular, adverbs of manner.	17	17		X	
5	Why is it difficult to live in space?	Past simple irregular, have to	16	17			X
6	Why do people travel?	Future: going to	16	20			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Why do people do adventure sports?	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Utilizar estratexias para entender o texto de forma global.	PE	60
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Saber facer preguntas sinxelas para obter información básica.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Entender as diferenzas entre as linguas.	TI	40
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiás e habituais.	Amosar unha actitude positiva ante as linguas e culturas na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
-----------------

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Técnicas de aprendizaxe.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.</li> <li>- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.</li> <li>- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Why are some wild animals endangered?	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Organizar coñecementos para producir textos breves	PE	40
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Explicar conceptos e comunicacións breves	TI	60
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar similitudes entre linguas		
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiás e habituais.	Apreciar e respectar situacións interculturais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.</li> <li>- Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación de dereitos de autoría.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Why are trees important?	17

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer palabras e frases específicas en textos orais e escritos	PE	40
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves	TI	60
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexas de mellora		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar a diversidade lingüística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).</li> <li>- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.</li> <li>- Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.</li> <li>- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Why do people love watching films?	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Planificar a situación interactiva por escrito	PE	40
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar coñecementos para mellorar	TI	60
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar a diversidade lingüística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.</li> <li>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Why is it difficult to live in space?	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Redactar textos breves con ferramentas analoxicas	PE	70
CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Usar táboas para rexistro de progresos e dificultades		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	Aplicar estratexias para entender a diversidade cultural.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.</li> <li>- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> <li>- Padróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Why do people travel?	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Redactar textos breves	PE	60
CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistro en táboas		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias básicas para comprensión de textos	TI	40
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	Comprender a diversidade lingüística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.</li> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.</li> <li>- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

A metodoloxía do noso proxecto desenvólvese como indicamos a continuación:

Establécense 6 unidades mais unha inicial de repaso, ademais das festividades pertinentes que se celebren no centro.

Estas unidades pertencen á editorial Macmillan, e están no proxecto E-dixgal, polo que os alumnos levarán a cabo as tarefas a través do ordenador. Tamén se utilizará a libreta e Activity book para complementar o estudado no ordenador.

En cada unidade presentarase vocabulario básico relacionado cun campo semántico, así como estruturas sintácticas que permitirán ao final da unidade a elaboración dun proxecto relacionado coa unidade.

Deste xeito desenvolvemos as catro destrezas (reading, writing, listening e speaking) de forma coordinada e

integradas no ensino de contidos.

A través dunha variedade de divertidas tarefas cunha metodoloxía moi sistemática, os alumnos progresan dunha práctica de comprensión oral a unha práctica de expresión oral; da práctica de expresión oral a unha práctica de comprensión escrita e da práctica de comprensión escrita á práctica de expresión escrita.

En cada unidade tamén haberá unha historia e un texto de lectura de temática variada (arte...).

Tamén se utilizarán cancións para afianzar contidos en cada tema.

A lección 9 de cada unidade é unha revisión de todo o tema, na que tamén se propón un exame oral que se levará a cabo e formará parte da avaliación.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenadores Edixgal
Libreta e fotocopias
Proxector e pantalla dixital
Lapis, goma, bolígrafos e cores
Activity book Kids Can 5

Empregaremos o ordenador do alumnado co material online, así como libreta para actividades complementarias e material para escribir e colorear cando sexa necesario.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O comezo de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para coñecer o nivel do grupo-clase e poder realizar as modificacións pertinentes a esta programación. Para isto levaranse a cabos xogos e interaccións con vocabulario básico do curso anterior, e fichas de avaliación inicial.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	40	40	40	70	60	<b>51</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	60	60	60	30	40	<b>49</b>

### Criterios de cualificación:

Probas de asimilación de contidos 50%

Realización de tarefas 20%

Presentación de cuadernos 20%



Participación, actitude e interese en clase 10%

### Cráterios de recuperación:

Probas de asimilación de contéidos 50%  
 Realización de tarefas 20%  
 Presentación de cuadernos 20%  
 Participación, actitude e interese en clase 10%

## 6. Medidas de atención á diversidade

As sesións levaranse a cabo tendo en conta o nivel do grupo e a cada alumno de forma individualizada. As adaptacións se centrarán en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Metodoloxía máis personalizada
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
5. Aumentar a atención orientadora
6. Enriquecemento curricular

Utilizarase o material de reforzo para aqueles alumnos que o necesiten, así como material de ampliación para aquel alumnado que lle sobre tempo.

En ambas clases este ano contamos con alumnos árabes, escolarizados hai dous anos, que nunca estudaran Inglés, polo que teñen un nivel significativamente inferior ao resto. Traballan moito pero necesitan material de niveis inferiores para adquirir a lingua.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación para a paz			X			X
ET.2 - Educación para a saúde	X					
ET.3 - Educación para o lecer				X		
ET.4 - Educación moral e cívica		X	X			
ET.5 - Educación para a igualdade de xénero					X	
ET.6 - Educación ambiental		X	X			

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Teatro en Inglés	Organizado polo Concello			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Halloween	Lugar: Ceip Julio Gurriaran	X		
Christmas	Lugar: Ceip Julio Gurriaran	X		

**Observacións:**

Este tipo de actividades entre as que se incluírán: saídas culturais, asistencia a obras de teatro en inglés, conmemoración de festividades características da sociedade anglosaxona etc., serán deseñadas polo equipo de profesores do departamento de inglés de cada centro. Tamén se colaborará nas actividades propostas desde o centro.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Programación
Metodoloxía empregada
Práctica docente
Clima de traballo na aula
Temas transversais
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Medidas de atención á diversidade
Outros
Resultados da avaliación

**Descrición:**

Indicarase se foron  
 Conseguidos  
 Conseguidos parcialmente  
 Non conseguidos

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O alumnado, xunto co profesor valorarán os resultados obtidos ao longo do curso, establecéndose as modificacións que sexan precisas na programación para que se poidan acadar niveis satisfactorios para todos.

## **9. Outros apartados**